


E A LINGUA GALEGA, DE QUEN VÉN SENDO?

O nacemento do galego

O idioma galego pertence á familia das linguas románicas/romances –coma o francés, o castelán, o catalán, o portugués, o italiano...– e é o resultado da evolución do latín introducido polos romanos no noroeste da Península Ibérica. O latín evolucionou dando orixe a dialectos que e acabaría converténdose nas linguas románicas. Dun destes dialectos, o romance galaico, xurdiu o galego-portugués medieval, antecedente directo dos actuais galego e portugués. Así, dende finais do século VIII, a fala desta área era diferente abondo da latina, polo que podemos considerar a existencia dun idioma distinto: o galego-portugués.



A transformación do latín en galego-portugués produciuse de maneira progresiva e imperceptible. Por iso, é imposible dar unha data precisa a partir da cal a lingua falada xa pode considerarse galego-portugués. A finais do século VIII o latín da Igrexa e da Administración era tan distante da fala do pobo que xa se pode falar de dous sistemas diferentes: o latín e o galego-portugués. Despois de recibir as influencias das linguas xermánicas e do árabe, a lingua falada no noroeste peninsular estaba tan evolucionada que, a partir do século IX, era xa un idioma perfectamente diferenciado do latín e das outras linguas románicas.

Esta lingua recibe o nome de galego-portugués, por ser o idioma que se falaba en Galiza e no norte do actual Portugal (provincia de Gallaecia).

Así, até o século XV consideramos que a lingua que se falaba ó norte e ó sur do Miño era a mesma.

Por outra banda, o latín, como lingua literaria e relixiosa, continuou a ser vehículo da liturxia, da literatura e dos actos xurídicos e administrativos, mesmo cando xa resultaba incomprendible para o público en xeral. Esta situación diglósica comezou a crebar no século XII, cando apareceron os primeiros textos escritos en galego.



Substrato, superestrato e adstrato

O galego, aínda que é unha lingua que provén do latín, recolle numerosos préstamos doutras linguas. Dependendo do momento histórico no que estas linguas influíron na nosa podemos falar de substrato (antes do latín), superestrato (despois do latín) e adstrato (linguas veciñas).

SUBSTRATO: é a influencia dunha lingua xa existente nun territorio (invadida) sobre outra que se establece nel (invasora). Cando os romanos chegaron ó noso territorio (*romanización*¹), aquí existían outras linguas. Estas foron desaparecendo coa asimilación do latín, pero deixaron a súa pegada, isto é, o substrato prerromano. Este substrato, no noso caso, é fundamentalmente **celta** ou **precelta** (600-800 a. C.). Un exemplo fácil de lembrar é o sufixo **-ego** > *galego*, *labrego*.

SUPERESTRATO: é a influencia que exerce unha lingua que chega de fóra (invasora) sobre a propia dun lugar (invadida). No caso galego contamos fundamentalmente coa influencia das linguas **xermánicas** e **árabes** sobre o latín vulgar (s. V-IX), que acabaría dando lugar ó galego-portugués. Así, conforman o superestrato xermánico todos aqueles elementos que herdamos da época dos suevos e dos visigodos, coma os topónimos rematados en **-mil** (*Castromil*). Pola súa banda, dos superestrato árabe conservamos tamén moitos termos, por exemplo os que comezan por **al-** (*albanel*, *alcalde*, *algoritmo*, *algodón*, *álgebra*, *Alberte*, *Álvaro*).

1 Romanización ou latinización: proceso histórico de asimilación e incorporación dos pobos ibéricos ó mundo cultural romano. Esténdese dende os século II-III a. C. até o V d. C.

ADSTRATO: é a influencia recíproca entre dúas linguas veciñas ou que conviven nun mesmo territorio. O principal adstrato do galego provén do castelán. Debido á relación de desequilibrio que existe entre ambas, máis que coller préstamos o que acontece é que asimilamos palabras do castelán para substituílas polas nosas (*avó* > *abuelo*).

***AMPLIACIÓN** > Nas páxinas 160, 162 e 163 do libro podedes ver o trazos máis característicos que conservamos do substrato prerrománico e do superestrato xermánico e árabe.

Léxico: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos

Como acabamos de ver, no galego actual permanecen restos dos idiomas que se falaban en Galiza antes da chegada dos romanos. Tamén os hai das linguas daqueles pobos que se estableceron na Idade Media en Galiza ou cos que se mantivo algún tipo de contacto cultural. Con todo, o galego é fundamentalmente o resultado da evolución do latín.

Mais non todas as palabras latinas foron introducidas na nosa lingua na mesma época, polo que non todas sufriron a mesma evolución. Así, diferenciamos entre palabras **patrimoniais**, **cultismos** e **semicultismos**².

PALABRAS PATRIMONIAIS: son aquelas que se introduciron durante a romanización e que foron evolucionando ó longo dos séculos até a actualidade, polo que sufriron importantes transformacións (*populum* > pobo, *noctem* > noite, *pluviam* > chuvia, *clamare* > chamar, *laurum* > louro, *auriculam* > orella, *lunam* > lúa, *lactem* > leite). Constitúen a maioría do noso léxico.

CULTISMOS: incorporáronse tardiamente do latín e do grego e, polo tanto, sufriron poucas alteracións con respecto ó seu étimo. Acontece sobre todo con vocabulario técnico-científico (*pluviómetro*, *partícula*, *abstracción*, *oculista*). A aqueles termos que se incorporaron directamente do latín, sen modificacións, chamámoslles **latinismos** (*a priori*, *lapsus*, *idem*).

SEMICULTISMOS: están a medio camiño entre os cultismos e as palabras patrimoniais, isto é, transformáronse máis cós cultismos pero menos cás patrimoniais (*delicatum* > delicado, *platam* > prata).

***AMPLIACIÓN:** podedes consultar máis exemplos entre as páxinas 165 e 167.

LATÍN	PATRIMONIAL	SEMICULTISMO	CULTISMO
<i>plenum</i>	chea	prea(mar)	plena

***AMPLIACIÓN:** tedes un cadro resumo de todo isto na páxina 169 do libro de texto.

² Ademais das voces de procedencia latina, o léxico galego conta con achegas doutras linguas (**préstamos**) e coa creación de novas palabras (**neoloxismos**).

ACTIVIDADES

1. Coa axuda dun dicionario que achegue información sobre a etimoloxía das palabras intenta realizar as actividades propostas sobre estes dous textos:

TEXTO 1:

*Os tempos son chegados
dos bardos das idades,
que as vosas vaguidades
cumprido fin terán;*

*pois, onde quer xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.*

TEXTO 2:

O camiño enlameado atrancábase por veces con carqueixas, queirugas e codesos. Os petoutos víanse á esquerda, por baixo, as veigas.

- Clasifica os substantivos e os verbos segundo a súa procedencia (substrato, latín ou superestrato).
- En cal dos dous textos é máis importante a presenza de palabras procedentes do substrato? A que pensas que se debe? Ten relación coas temáticas que trata un e outro texto?

2. Relaciona as palabras que aparecen nas dúas columnas. Indica cales son de orixe árabe e cales son de orixe latina.

xastre	azotea
doenza	alcume
terraza	azoute
sobrenome	ceifa
cuarto	achaque
seitura	alfaiate
palmada	alcoba

3. Relaciona cada unha das palabras populares do cadro da esquerda coa culta que lle corresponda no cadro da dereita:

Palabras populares	Palabras cultas
escoitar, abella, lobo, pobre, igrexa, peito, temor, cadeira, cheo, roda, descabezar, chantar, boca, cidade, ceibe, loito, ollo, chave, lago, estado, mancha, saber, cabra, orella, primeiro, segredo, siso, cabeza, allear, labrar, intre, persoa, deseño, leite, mosteiro, contar, chamar, auto, ceo, enteiro, néboa, auga, linde.	acuoso, pectoral, designio, lutuoso, nebuloso, ocular, caprino, interino, célibe, límite, plantar, lupino, decapitar, monástico, timorato, clave, eclesial, mácula, auscultar, computar, clamar, acto, rotativa, íntegro, alienar, laboral, depauperado, pleno, celestial, auricular, apicultura, personalizar, lacustre, bucal, estatal, primario, capital, senso, lácteo, cátedra, cívico, sapiencia, secreto.

4. Nesta lista de palabras aparecen mesturados un étimo latino e dúas palabras con el relacionadas: unha é popular e outra semiculta. Agrúpaas e clasifícaaas:

praga, chegar, plagam, illa, regulam, plicare, pregar, ínsua, chaga, insula, regra, rella